

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, CON CARÁCTER URXENTE, CELEBRADA
POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 05 DE XUÑO DE 2017**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO
MARIA ISABEL POISA REY
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
M^a DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PsdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ
CAMBA.

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as NOVE HORAS E TRINTA MINUTOS (13:30) do día CINCO de XUÑO do DOUS MIL DEZASETE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión plenaria extraordinaria, con carácter urxente.

Non asistiron á sesión:

ALBERTO CONDE RODRIGUEZ,
concelleiro do BNG.

MARIA TERESA DEVESA GRAÑA,
concelleira do BNG.

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ,
concelleiro do PP

M^a DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ,
concelleira do PP.

Sen incidencias.

ORDE DO DIA

1. Declaración da urxencia da sesión.
2. Adenda ao contrato de préstamo de data 05.12.2013 suscrito entre CAIXABANK no nome e representación do ICO que actúa por conta do Estado e con cargo ao Fondo de Financiación a Entidades Locais (FFEELL) modificando o período de amortización e establecendo un período adicional de carencia.- Aprobación, se procede.
3. Adenda ao contrato de préstamo de data 18.05.2012 suscrito entre BANCO SANTANDER no nome e representación do ICO que actúa por conta do Estado e con cargo ao Fondo de Financiación a Entidades Locais (FFEELL) modificando o período de amortización e establecendo un período adicional de carencia.- Aprobación, se procede.

---&&---

1. Declaración da urxencia da sesión.

Deu conta o Alcalde sinalando que, como xa se informara aos portavoces, déuse no traslado polo Banco Santander e por Caixabank dos borradores das adendas dos contratos de préstamo suscritos entre BANCO SANTANDER (de data 18.05.2012) e Caixabank (de data 05.12.2013), ámbolos dous no nome e representación do ICO, que actúa por conta do Estado e con cargo ao Fondo de Financiación a Entidades Locais (FFEELL), que reflicten as modificacións do período de amortización (3 anos) e un período adicional de carencia (3 anos) solicitadas ao Ministerio de Facenda e Función Pública por acordo plenario de data 28.04.2017 ó abeiro da Resolución de data 29 de marzo de 2017 da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, tal como xa se acordou no Pleno do pasado 28 de abril.

Apróbase pola unanimidade dos nove concelleiros, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. Adenda ao contrato de préstamo de data 05.12.2013 suscrito entre CAIXABANK no nome e representación do ICO que actúa por conta do Estado e con cargo ao Fondo de Financiación a Entidades Locais (FFEELL) modificando o período de amortización e establecendo un período adicional de carencia.- Aprobación, se procede.

Acéptase unha explicación conxunta dos dous asuntos, se ben a votación vai ser separada.

Recorda o alcalde que as medidas de ampliación do prazo de amortización con tres de carencia van proporcionar aos concellos unha maior flexibilización no cumprimento das obrigas financeiras derivadas dos plans de pagos a provedores tal como xa se explicou na sesión plenaria celebrada ao efecto. Sinala tamén, como xa se dixo daquela, que a intención do concello é

cancelar con prioridade o endebedamento a corto prazo (pólizas de crédito subscritas con Abanca e Banco Pastor) e mellorar a ratio do período medio de pago a provedores como xa ven sucedendo nos últimos anos. En definitiva, as medidas que se plasman nas correspondentes adendas son positivas, afirma o Alcalde, polo que o BNG vai apoialas.

Polo Grupo Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que, aínda que as medidas acordadas son positivas o cal permite que os concellos teñan un pouco máis de holgura para facer fronte aos pagos, non deixa de ser un arma de dobre filo o tema dos períodos de carencia, porque o que se fai é alongar no tempo a duración dos préstamos, e aínda que hoxe os intereses están moi baixos sempre é unha cuestión que pode mudar. O Partido Popular ten dúbidas porque aínda que as medidas son positivas non está vendo por parte do concello de Allariz a capacidade real de afrontar estas débedas cos bancos e tamén cos provedores co tipo de política que se está levando, polo mesmo vanse abster, conclúe, porque vaise alongar o problema no tempo, con perda de recursos no pago de intereses sen amortizar capital que é o habería que facer. A situación económica, sinala, sigue sendo complexa e delicada en canto ao saneamento económico.

Polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, non hai intervencións.

Intervén finalmente o alcalde para sinalar que, en relación co sinalado pola portavoz do PP, o concello de Allariz está absolutamente ó corrente no pago coas entidades financeiras, tanto a longo como a corto prazo. Prácticamente o 10% do orzamento está adicado á satisfacción destas obrigas, uns 600 mil euros anuais. Así mesmo, o período medio de pago ós provedores tamén se ten reducido significativamente ano tras ano ata os 52 días actuais; mesmo estes días estanse publicando informes por incumprimento dos plans económico financeiros e período medio de pago ós provedores que afectan ós concellos, entre os que non está incluído o de Allariz. Por eso é xusto recoñecer o estado da tesourería municipal, o cal non quita para recoñecer que se agora se vai dispoñer dunha cantidade importante polo prazo de carencias, uns 400 mil euros, se teña unha maior facilidade para incrementar a redución ou eliminación das pólizas de crédito, o cal é un compromiso adquirido, e tamén para mellorar o período medio de pago a provedores. En definitiva, non se van aproveitar os excedentes para aumentar o gasto, senón para cumprir aqueles fins.

Polo exposto,

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (7) e PSdeG-PSOE (1), coa abstención do PP (1), ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar unha Adenda ao contrato de préstamo de data 05.12.2013 subscrito entre CAIXABANK, no nome e representación do ICO, que actúa por conta do Estado e con cargo ao Fondo de Financiación a Entidades Locais (FFEELL), coas seguintes estipulacións:

PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO PERÍODO DE AMORTIZACIÓN E ESTABLECEMENTO DUN PERÍODO ADICIONAL DE CARENCIA.

Modifícase o Contrato nos seguintes termos:

1. *Establécese un período de carencia adicional de TRES (3) anos, a contar dende a data, inmediatamente posterior á sinatura da Adenda, na que correspondería pagar a próxima cota de capital.*

2. *Incrementábase o período de amortización establecido no Contrato en TRES (3) anos.*

En consecuencia co anterior, a partir da data de sinatura da Adenda:

· *A seguinte cota, inmediatamente posterior a sinatura da Adenda, comprenderá unicamente intereses.*

· *A amortización será lineal anual do principal dende o fin do período de carencia ata o final do período de amortización.*

· *Durante o período de carencia satisfarase o pago de intereses.*

Mantéñense os tipos de interés e o resto de condicións do Contrato.

SEGUNDA.- NOVACIÓN DO CONTRATO DE PRÉSTAMO E ENTRADA EN VIGOR.

Polo outorgamento da presente adenda, as partes acordan realizar unha novación modificativa e non extintiva do Contrato de préstamo, ó que se fai referencia no Expositivo III, o cal, no non modificado, permanece vixente o mesmo en tódolos seus termos.

*A presente Adenda, que pasará a formar parte do Contrato a tódolos efectos, entrará en vigor a data da sinatura e terá efectividade **"dende a data, inmediatamente posterior, na que correspondería pagar a próxima cota de capital"** conforme ó establecido na anterior Estipulación.*

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, cn DNI nº 34916818N, tan amplamente como en dereito proceda para a execución destes acordos, en particular para asinar, no nome e representación do Concello de Allariz, con CIF P3200200H, o documento contractual que proceda.

3. Adenda ao contrato de préstamo de data 18.05.2012 subscrito entre BANCO SANTANDER no nome e representación do ICO que actúa por conta do Estado e con cargo ao Fondo de Financiación a Entidades Locais (FFEELL) modificando o período de amortización e establecendo un período adicional de carencia.- Aprobación, se procede.

Polo exposto,

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (7) e PSdeG-PSOE (1), coa abstención do PP (1), ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar unha Adenda ao contrato de préstamo de data 18.05.2012 subscrito entre BANCO SANTANDER, no nome e representación do ICO, que actúa por conta do Estado e con cargo ao Fondo de Financiación a Entidades Locais (FFEELL), coas seguintes estipulacións:

PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO PERÍODO DE AMORTIZACIÓN E ESTABLECEMENTO DUN PERÍODO ADICIONAL DE CARENCIA.

Modifícase o Contrato nos seguintes termos:

1. Establécese un período de carencia adicional de TRES (3) anos, a contar dende a data, inmediatamente posterior á sinatura da Adenda, na que correspondería pagar a próxima cota de capital.

2. Incrementase o período de amortización establecido no Contrato en TRES (3) anos.

En consecuencia co anterior, a partir da data de sinatura da Adenda:

· A seguinte cota, inmediatamente posterior a sinatura da Adenda, comprenderá únicamente intereses.

· A amortización será lineal anual do principal dende o fin do periodo de carencia ata o final do periodo de amortización.

· Durante o periodo de carencia satisfarase o pago de intereses.

Mantéñense os tipos de interés e o resto de condicións do Contrato.

SEGUNDA.- NOVACIÓN DO CONTRATO DE PRÉSTAMO E ENTRADA EN VIGOR.

Polo outorgamento da presente adenda, as partes acordan realizar unha novación modificativa e non extintiva do Contrato de préstamo, ó que se fai referencia no Expositivo III, o cal, no non modificado, permanece vixente o mesmo en tódolos seus termos.

A presente Adenda, que pasará a formar parte do Contrato a tódolos efectos, entrará en vigor a data da sinatura e terá efectividade **“dende a data, inmediatamente posterior, na que correspondería pagar a próxima cota de capital “** conforme ó establecido na anterior Estipulación.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, con DNI nº 34916818N, tan amplamente como en dereito proceda, para a execución destes acordos, en particular para asinar, no nome e representación do Concello de Allariz, con CIF P3200200H, o documento contractual que proceda.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás trece horas e corenta e cinco minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO